



Desexámosvos...

un bo
libro
e
unhas lectoras
vacacións.



Nadal 2013

DENDE A
BIBLIOTECA
"PAULA
CARBALLEIRA"



3º ciclo primaria

PENSANDO
"NESA"
CARTA ...

...que tod@s ides

escribir ...



...unque hai quen di que xa se ve a luz ao final do túnel, non está moi claro, por iso recomendamos: ORGANÍZATE tamén para ser pedichón ou pedichona!!!. Fala cos teus e coas túas compas e poñédevos de acordo para pedir títulos distintos. Ah!, e pedide tod@s unha libretiña chula. Así poderedes intercambiar os libros unha vez que os leades, facer dos vosos andeis unha pequena biblioteca con empréstito incluído. E a libretiña? diredes. Pois para anotar a quen prestades os vosos libros e saber a quen reclamarllos no caso de moros@s... Como o ordenata da biblio, vaia, pero en "analóxico"

3º CICLO PRIMARIA:

- **A illa de todas as illas-X.DoCampo-Xerais:**

Moreas de aventuras sucederon en illas aparentemente desertas. Este libro é un tributo do autor ás máis recoñecidas. Cantos personaxes e historias serás quen de recoñecer?





- **Operación mascota-R.Marcos/Castelli-El Patito:** Segunda entrega da aventureira Silvana, na que acompaña ao seu pai á selva dun pequeno país, onde descubrirán unha nova especie de réptil.

- **Ninfas e caveiras e outras elucubracións de R.Gómez de la Serna-El Patito:** Coidada selección de greguerías ilustradas por D.Vela de xeito inigualable.



- **A guía necsia-D.Wapner-Faktoría K:** Guía insólita de aparente fácil lectura, chea de misterio, absurdos, sorpresas, surrealismo e...realidade!!!

- **O refugallo-P.Carballeira-Xerais:** Teatro para ler sobre catro personaxes que transforman a realidade a partir do que ninguén quere, o refugallo.




- **Astérix e os pictos-Ferri/Conrad-Xerais:** Nova aventura de Astérix e Obélix, desta volta na Caledonia, a Escocia romana.



- **Un rato díxolle á lúa-A.G.Teijeiro-Xerais:** 25 anos da poesía deste autor condensados neste libro, ilustrados por X.Cobas e cun CD na que Paco Ibáñez lles pon voz e música. Un pequeno tesouro que non debes deixar escapar.

- **Dinosaurios-R.Olivé-Baía:** Sabemos que siguen a impresionarte estes lagartos terribes. Aquí os tes ordenados de peques a grandes.



- **Peret que buscaba a la Muerte-Zar-Diábolo:** Banda deseñada que o autor non puido rematar. Peret é pequeno e non acepta a morte do seu pai, polo que marcha da casa na busca da morte para que llo devolva.

- **Corasóns-Kalandraka:** Hache gustar porque trata de amor e andas ti moi primaveral a pesares do frío. Non só para ti, pídeo para para el, para ela ,tamén para mamá, papá...

